

Programa de bolsas de posgrao

Primeira edición



Fundación  
**Caixa Rural Galega**  
**Tomás Notario Vacas**

Bases da convocatoria 2022

Contacto

**Rúa Montero Ríos, 24-26**  
**27002 Lugo**  
[info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal)



## **PRESENTACIÓN**

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas (en diante, a Fundación) nace coa vocación de promover a investigación e a educación no eido científico, cultural e educativo, con especial dedicación ao sector agroalimentario e forestal, a prol da excelencia e da especialización en ámbitos que poidan contribuír á mellora de actividades produtivas nos sectores citados e, por extensión, ao progreso económico e social de Galicia.

Para conseguir estes obxectivos, a Fundación convoca bolsas para realizar estudos superiores e de posgrao e/ou para levar a cabo proxectos de investigación. O que se pretende é facilitarlles ás persoas beneficiarias destas bolsas formación profesional e académica e o acceso ás mellores técnicas, métodos ou procedementos, co fin de que isto redunde nun beneficio social e económico para Galicia.

## **OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de dúas bolsas para a realización de estudos dirixidos á obtención dun título oficial de mestrado en disciplinas ou áreas relacionadas co sector agroalimentario e forestal, durante o curso académico 2022/23, en centros estranxeiros ou nacionais de recoñecido prestixio.

## **COMEZO E DURACIÓN DA BOLSA**

O comezo efectivo da bolsa establecerase en función do calendario do programa de estudos do centro de destino. En calquera caso, as persoas candidatas que obteñan a bolsa deberán incorporarse ao centro de destino antes do 30 de xuño de 2023.

A duración da bolsa coincidirá coa do programa de estudos, cun máximo de 24 meses unha vez iniciado o programa ou curso, prorrogable por 12 meses adicionais no caso de que se produza algunha circunstancia que poida requirir de prórroga, consonte o establecido no apartado “Prórroga da bolsa”.

Como norma xeral, a duración total da bolsa, incluída a posible prórroga, non será superior a 36 meses.



## **DOTACIÓN DA BOLSA**

As bolsas estarán dotadas cun máximo de 40.000 euros e poderán aplicarse total ou parcialmente aos seguintes conceptos:

- **Matrícula no centro de destino.** No caso de que o importe da matrícula exceda o montante total da bolsa, a persoa beneficiaria deberá cubrir a parte restante.
- **Asignación mensual dun máximo de 1500 euros en concepto de aloxamento e manutención, polos meses que a persoa estea desprazada na localidade onde se imparta a formación,** que será como máximo o tempo que dure esta formación de forma presencial. Esta cantidade fixarase en función da localidade onde se realicen os estudos obxecto da bolsa.

Estes importes asignaranse en función do calendario académico do centro onde se cursen os estudos obxecto da bolsa.

## **CALENDARIO**

Establécese o seguinte calendario para a xestión e a concesión das bolsas:

Data límite de presentación de solicitudes:	6 de maio de 2022
Data límite de resolución da convocatoria:	27 de maio de 2022
Data límite de comezo do aproveitamento da bolsa:	30 de xuño de 2023

As datas nas que se realicen as entrevistas para a selección das solicitudes preseleccionadas comunicaránselles por correo electrónico ás persoas solicitantes que resultasen preseleccionadas.

No caso de que o calendario se vise modificado por algún motivo, a Fundación comunicarllelo ás persoas que presentasen unha solicitude.

## **REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Ata que se lles conceda a bolsa, así como durante o período de aproveitamento desta, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Deberán ter a nacionalidade española.



2. Deberán ter vinculación con Galicia, e entenderase que existe tal vinculación cando concorra polo menos un dos seguintes supostos:
  - Nacer en Galicia.
  - Ser fillos de pai e/ou nai nados en Galicia.
  - Ser residentes en Galicia durante, como mínimo, dous anos consecutivos, inmediatamente anteriores á data de apertura da convocatoria.
3. Deberán estar en posesión dun título universitario oficial español ou, se é o caso, dun título estranxeiro expedido por unha institución de educación superior ou atoparse en disposición legal para obtelo. Aquelas persoas que estean en posesión dun título expedido por unha institución allea ao Espazo Europeo de Educación Superior deberán dispoñer, adicionalmente, dun certificado de homologación (requírese exclusivamente para as titulacións habilitantes de profesións reguladas en España) ou dunha declaración de equivalencia (requírese para o resto das titulacións), expedidos polo Ministerio de Educación español.
4. Poderán presentar a súa solicitude e concorrer á convocatoria aquelas persoas que, durante o curso académico 2021/22, se atopen cursando o último ano dos seus estudos universitarios. Neste suposto, a concesión da bolsa quedará supeditada á acreditación de estar en condicións de solicitar a expedición do título e, se é o caso, o certificado de homologación ou a declaración de equivalencia.
5. Deberán inscribirse en estudos conducentes á obtención dun título oficial de mestrado nalgunha disciplina ou área relacionada co sector agroalimentario ou forestal. Estes estudos han de realizarse na modalidade presencial, continua, diúrna, a tempo completo e nun centro nacional ou estranxeiro de recoñecido prestixio.
6. Deberán comezar os trámites de admisión no centro de destino. No caso de que, na data de peche da convocatoria, non se atope aberto o prazo de inscrición para o próximo curso académico, deberase acreditar documentalmente a data de apertura.
7. Deberán acreditar un nivel mínimo de inglés e do idioma de traballo do centro de estudos de destino, cando este idioma non sexa o inglés, equivalente ao B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas. Este requisito é obrigatorio para todas as persoas solicitantes con relación ao idioma de traballo do centro de estudos de destino. O coñecemento do inglés, se este non fose o idioma de traballo do centro de estudos de destino, será un elemento que se terá en conta á hora de valorar a formación académica da persoa solicitante.



## **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A presentación de solicitudes poderá realizarse remitindo a documentación nun sobre pechado ao enderezo da Fundación (rúa Montero Ríos, 24-26. 27002 Lugo) ou ben enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo:

[info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal).

O prazo para a presentación de solicitudes será ata as 24:00 horas do 6 de maio de 2022.

Para presentar unha solicitude, será necesario cubrir un formulario coa información requirida nestas bases, á que deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade (DNI).
- Fotografía recente tamaño carné, en cor e formato JPG.
- Copia do documento acreditativo da vinculación con Galicia (DNI, libro de familia ou certificado de empadramento da persoa solicitante, segundo o caso).
- Copia do título universitario oficial. Aqueles que se atopen en posesión dun título expedido por unha institución allea ao Espazo Europeo de Educación Superior deberán acompañalo do certificado ou, na súa falta, da copia acreditativa da solicitude de homologación (requírese exclusivamente para as titulacións habilitantes de profesións reguladas en España) ou da declaración de equivalencia (requírese para o resto das titulacións), expedidos polo Ministerio de Educación español.
- Para o caso de que a persoa solicitante, na data de peche da convocatoria, se atope cursando o último curso dos seus estudos universitarios, non será esixible este requisito no momento de presentar as solicitudes. Non obstante, en caso de concesión da bolsa, esta quedará condicionada á acreditación de atoparse en condicións de solicitar a expedición do título e, se é o caso, o certificado de homologación ou a declaración de equivalencia.
- Copia da certificación académica dos estudos universitarios, onde se indiquen as materias cursadas, os seus créditos, as cualificacións obtidas, a convocatoria destas, así como a nota media do expediente completo.



- As persoas solicitantes que estean en posesión dunha certificación académica expedida por unha institución estranxeira, xa sexa pertencente ou allea ao Espazo Europeo de Educación Superior, deberán acompañala da correspondente declaración de equivalencia da nota media do expediente académico, expedida polo Ministerio de Educación español.
- Información do centro onde se cursarán os estudos así como do curso que se pretende realizar.
- Copia da carta oficial de admisión emitida polo centro de destino. Aquelas persoas que, na data de peche da convocatoria, non obtivesen aínda a admisión, deberán achegar un documento que acredite a recepción da solicitude de praza ou a admisión no centro de destino. De non atoparse aberto o prazo de inscrición no centro de estudos de destino para o próximo curso académico, deberase achegar un documento que acredite a data de apertura. Neste caso, poderán escollerse ata tres centros de destino para cursar os estudos, que deberán ser homoxéneos en canto ao seu contido.
- Currículo, que se poderá presentar en español ou en galego.
- Copia do certificado de coñecementos de inglés e do idioma de traballo do centro de destino, cando este idioma non sexa o inglés, que acredite un nivel mínimo equivalente ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas. No caso de que o centro de destino requira unha certificación de idiomas específica, esta deberá achegarse durante o prazo de presentación de solicitudes.
- Copia do resultado da proba estandarizada de acceso (GRE, GMAT, LSAT, MCAT, segundo o caso), cando así o requira o centro de destino.
- A solicitude deberá acompañarse dunha memoria na que a persoa solicitante describa a finalidade e os propósitos dos estudos que vai cursar, a aplicación futura prevista e a súa contribución á mellora das actividades produtivas nos sectores agroalimentario ou forestal e, por extensión, ao progreso económico e social de Galicia.
- Dúas cartas de recomendación emitidas polos supervisores directos da traxectoria académica e/ou profesional. No caso de que os subscritores prefiran enviar directamente as súas cartas de recomendación, poderán facelo, antes da data de peche da convocatoria, a través do enderezo [info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal).
- As persoas solicitantes poderán achegar coa súa solicitude calquera documentación adicional que consideren necesaria ou conveniente para



reforzar a súa candidatura. Non obstante, non se terá en conta ningunha documentación que se presente fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

## PROCESO DE SELECCIÓN

As solicitudes presentadas en tempo e forma serán revisadas polo Padroado da Fundación, que comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

As solicitudes que non inclúan a documentación obrigatoria completa, ou as que non acrediten o cumprimento dos mencionados requisitos, quedarán fóra do proceso de selección.

As solicitudes admisibles entrarán no proceso de selección, que consta de dúas fases:

### 1. Preselección

A fase de preselección efectuarase en réxime de concorrencia competitiva en base á documentación achegada na solicitude. O Padroado constituirá unha Comisión de Preselección, que estará formada por recoñecidos especialistas no ámbito agroalimentario e/ou forestal. A Comisión de Preselección terá como misión valorar as solicitudes con total imparcialidade e obxectividade, de acordo cos seguintes criterios:

- **Formación académica:** valoraranse distintos factores do desempeño académico, tales como a nota media do expediente, o nivel de dificultade dos estudos realizados, o nivel de esixencia do centro de estudos en relación con outros comparables, os premios e as distincións obtidas etc.
- **Proxecto de estudos:** valoraranse diferentes aspectos do proxecto presentado, tales como o interese académico, científico ou profesional demostrado; o nivel de esixencia e o grao de idoneidade do centro de destino e a capacidade para contribuír ao desenvolvemento e á mellora de actividades produtivas no sector agroalimentario e/ou forestal e, por extensión, ao progreso económico e social de Galicia.
- **Traxectoria profesional:** valorarase do currículo profesional aspectos como o nivel de atractivo do empregador nos sectores agroalimentario ou forestal, o nivel de esixencia e responsabilidade do posto desempeñado, o nivel de adecuación do contido das cartas de referencia ao perfil da persoa solicitante, o grao de coherencia da traxectoria coa solicitude presentada, a progresión profesional da persoa e a capacidade para contribuír ao desenvolvemento e á

mellora de actividades produtivas nos sectores citados e, por extensión, ao progreso económico e social de Galicia.

## 2. Selección

Unha vez obtidas as solicitudes preseleccionadas, a Fundación notificaralles os resultados da fase de preselección por correo electrónico a todos as persoas solicitantes.

As persoas solicitantes preseleccionadas realizarán unha entrevista persoal na sede de Caixa Rural Galega. As datas de realización das entrevistas serán comunicadas por correo electrónico. A entrevista deberá ser presencial, de forma que non se poderá efectuar por teléfono ou outro medio audiovisual.

Será requisito para asistir á entrevista presentar o orixinal do DNI. O feito de non presentar a devandita documentación supoñerá a desistencia da persoa solicitante a participar nesta fase do proceso.

A Fundación resérvase o dereito a modificar a modalidade ou a data das entrevistas cando concorran circunstancias que, ao seu criterio, o xustifiquen. No caso de que se produza algún destes cambios, notificaránselles ás persoas interesadas en tempo e forma.

A entrevista efectuarase ante unha Comisión de Selección designada polo Padroado.

A entrevista terá como finalidade valorar distintos aspectos. Entre outros, o nivel de motivación da persoa entrevistada, o grao de aptitude e a idoneidade para desenvolver o proxecto, os seus valores persoais e o seu compromiso cos obxectivos da Fundación de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Do resultado da preselección e das entrevistas obterase unha relación de todas as candidaturas, ordenadas segundo a puntuación obtida. As dúas candidaturas con maior puntuación das seleccionadas serán as propostas para beneficiarias das bolsas e o resto quedarán nunha lista de reserva.

No caso de que se considere que non se cumpren os requisitos necesarios para a súa adxudicación, esta convocatoria poderá ser declarada deserta total ou parcialmente a proposta do Tribunal de Selección.

As persoas solicitantes deberán de absterse de poñerse en contacto de forma directa ou indirecta coas persoas que participan en calquera das fases do proceso de selección





para solicitar información sobre o estado da súa solicitude ou sobre calquera aspecto relacionado co proceso. De producirse algún contacto, a persoa solicitante poderá quedar excluída da convocatoria.

## **RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

O resultado ou a resolución da convocatoria notificaráselles ás persoas entrevistadas a partir do 30 de maio de 2022 mediante correo electrónico.

A decisión da Comisión de Selección será definitiva e inapelable. A Fundación non facilitará ningún tipo de información sobre as solicitudes desestimadas nin sobre as puntuacións obtidas.

As persoas seleccionadas deberán aceptar expresamente a aceptación da bolsa, para o que dispoñerán dun prazo de quince días naturais, computables desde a data da notificación de concesión. No caso de que algunha das persoas seleccionadas non acepte expresamente a bolsa no prazo establecido, a bolsa adxudicaráselle á primeira persoa que figure na lista de reserva segundo a orde de puntuación obtida, e así sucesivamente.

## **INCOMPATIBILIDADES**

A bolsa para a realización de estudos de posgrao da Fundación é incompatible coa percepción de calquera tipo de bolsa, axuda ou compensación, pública ou privada, no que ten que ver coa realización dos estudos para os que se solicita a bolsa. Esta incompatibilidade inclúe tamén a posible recepción futura de calquera tipo de compensación froito de calquera vinculación contractual, xa sexa en forma de complementos variables, retribucións en especie ou complementos doutro tipo que puidesen establecerse.

En consecuencia, gozar de calquera outra bolsa, axuda económica ou compensación presente ou futura para a realización dos estudos obxecto desta convocatoria, sen autorización previa e expresa da Fundación, será causa de incompatibilidade e dará lugar á revogación da bolsa concedida e á obriga de lle reembolsar á Fundación as cantidades percibidas.

No caso de que os estudos para os que se concede a bolsa inclúan prácticas obrigatorias remuneradas, a bolseira ou o bolseiro deberán comunicarllo á Fundación coa maior brevidade posible. O importe recibido en concepto das mencionadas prácticas poderá deducirse da dotación económica da bolsa.



A bolsa poderá compatibilizarse coa colaboración docente no centro de destino, sempre que esta colaboración non desvirtúe a finalidade formativa obxecto da bolsa. En calquera caso, será necesario comunicarlle tal circunstancia á Fundación para que esta autorice expresamente a compatibilidade total ou parcial coa dotación da bolsa. De darse esta circunstancia, a Fundación pode minorar a contía da bolsa.

Para estes efectos, a Fundación resérvase o dereito a solicitar certificados tributarios da persoa beneficiaria correspondentes aos exercicios fiscais comprendidos entre o inicio e a finalización dos estudos, así como o documento acreditativo da vida laboral emitido pola Seguridade Social.

### **CONDICIÓN S SUSPENSIVAS**

O nomeamento final das persoas beneficiarias da bolsa quedará supeditado ao cumprimento das seguintes condicións:

- Entregar unha carta de aceptación da bolsa, debidamente cuberta e asinada, nun prazo de quince días naturais a partir da notificación oficial.
- Acreditar a finalización dos estudos universitarios. Considerarase que os estudos finalizaron cando se estea en condicións de tramitar a solicitude de expedición do título. Para estes efectos, presentarase unha copia do título universitario oficial ou o documento acreditativo do pago da taxa para a expedición do título.
- Presentar unha copia acreditativa da solicitude de homologación ou da declaración de equivalencia do título universitario, no caso de que este fose expedido por unha institución estranxeira non pertencente ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- Entregar unha copia da carta de admisión no centro de destino, que deberá ser algún dos tres indicados na solicitude.

En caso de incumprimento das condicións anteriores, perderase o dereito á bolsa. O prazo para a presentación destas acreditacións será o establecido como data máxima para o aproveitamento da bolsa, é dicir, o 30 de xuño de 2023.

### **OBRIGAS DOS BOLSEIROS E DAS BOLSEIRAS**

A aceptación da bolsa supón a adquisición do compromiso de cumprir en todos os seus termos os seguintes requisitos e obrigas:

- Recoller persoalmente a credencial de bolseiro ou bolseira, no acto que se



celebrará na sede de Caixa Rural Galega en Lugo. No caso de non poder acudir na data prevista, o bolseiro deberá achegar unha xustificación obxectiva e razoable da non comparecencia e poderá delegar a súa representación no acto. En caso contrario, a Fundación resérvase o dereito a denegar a concesión da bolsa.

- Proporcionar a información de contacto no lugar de destino e manter esta información actualizada durante o período de aproveitamento da bolsa.
- A requirimento da Fundación, a persoa beneficiaria da bolsa deberá acreditar, con documentos orixinais ou compulsados, a información facilitada co fin de verificar a súa veracidade, así como o cumprimento das condicións fixadas na convocatoria. Esta obriga inclúe os certificados de renda emitidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, o informe de vida laboral emitido pola Seguridade Social e o contacto das persoas e organizacións citadas na solicitude, entre outros, coa finalidade antes descrita.
- Realizar os estudos previstos, de acordo coa solicitude presentada, con dedicación exclusiva e sen que outro compromiso, anterior ou futuro, impida ou dificulte, durante o período de aproveitamento da bolsa, o cumprimento das obrigas contraídas.
- Respectar e cumprir a lexislación, os usos e os costumes do lugar de destino e, en todo caso, gardar respecto ao bo nome da Fundación. Declarar calquera outra bolsa, axuda, financiamento ou compensación, tanto solicitada coma concedida ou gozada, relacionada cos estudos para os que se concede a bolsa. Esta obriga inclúe, sen prexuízo de que existan outras, a comunicación das retribucións derivadas da colaboración no centro de destino, xa sexa como titores, lectores, docentes, axudantes ou similares, así como as derivadas da realización de prácticas remuneradas. Segundo o caso, a Fundación procederá a valorar a compatibilidade total ou parcial coa dotación da bolsa e pode minorar a contía desta última.
- Presentar, no prazo dun mes a partir da data de terminación dos estudos para os que se concede a bolsa, un certificado académico completo expedido polo centro de destino.
- Presentar, no prazo dun mes a partir da data de terminación dos estudos para os que se concede a bolsa, unha memoria final onde se describan os resultados obtidos e, en especial, os obxectivos logrados e a aplicación futura prevista que deberá contribuír á mellora das actividades produtivas nos sectores citados e,

por extensión, ao progreso económico e social de Galicia.

- Facer constar a condición de persoa beneficiaria dunha bolsa da Fundación nas creacións, científicas, así como nas relacións cos medios de comunicación que se deriven dos estudos obxecto da bolsa.

O incumprimento total ou parcial destas obrigas, así como daquelas que se poidan determinar na resolución da convocatoria, darán lugar á apertura dun expediente de incumprimento, cuxa resolución poderá dar lugar á revogación da bolsa e á obriga de lle reembolsar á Fundación as cantidades percibidas, sexan monetarias ou en especie.

### **PRÓRROGA DA BOLSA**

A duración máxima da bolsa será a do curso ou programa académico obxecto desta, cun máximo de 24 meses. Non obstante, se se producise algunha circunstancia excepcional que puidese provocar un atraso xustificado na realización dos estudos, o prazo podería prorrogarse un total de 12 meses adicionais, co único obxecto de proseguir co mesmo programa.

Para iso, a persoa beneficiaria da bolsa deberá solicitarllo á Fundación por escrito, xa sexa mediante envío físico ou a través de correo electrónico dirixido ao enderezo [info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal), no que debe expoñer as causas polas que solicita a prórroga. Queda a xuízo do Padroado da Fundación valorar se os motivos expostos xustifican a concesión da devandita prórroga e, para este efecto, poderá solicitar a documentación que considere necesaria.

A resolución da Fundación será inapelable e comunicarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude ou da documentación solicitada.

### **PROTECCIÓN DE DATOS**

Por ser a persoa candidata dunha bolsa para realizar estudos de posgrao na convocatoria do ano 2022, e como titular dos datos achegados, en cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, facilítase a seguinte información:

**Responsable do tratamento:** Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, domiciliada na rúa Montero Ríos 24-26, 27002 Lugo, co CIF G67668798, teléfono 982 280 220 e enderezo de correo electrónico [info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal).

Pola súa banda, pódese contactar co delegado de protección de datos no enderezo de



correo electrónico [info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal).

**Finalidade:** os datos identificativos e de contacto, así como os datos académicos e profesionais, serán utilizados para a xestión da convocatoria de bolsas de 2022. No caso de resultar beneficiario, estes datos utilizarémolos para poñernos en contacto con vostede e xestionar a concesión da bolsa.

Os datos identificativos (nome e apelido) e, sempre que vostede o consinta previamente, a súa imaxe poderán ser utilizados en calquera actividade publicitaria promocional relacionada co responsable do tratamento (incluídas as efectuadas na páxina web e nas redes sociais da Fundación), sen que esta autorización lle confira ningún dereito de remuneración ou beneficio, coa excepción da concesión da bolsa.

Os seus datos relativos á participación na bolsa conservaranse mentres esta dure e, unha vez finalizada, mentres exista responsabilidade legal para o responsable. Os datos tratados en base a execución da súa solicitude, contrato ou precontrato, e os datos relativos á súa imaxe, serán tratados mentres vostede non retire o seu consentimento.

Lexitimación: os datos trátaranse en base a execución da súa solicitude, contrato ou precontrato, mediante a inscrición para a concesión dunha bolsa, e en base ao consentimento prestado para o uso da súa imaxe.

**Persoas destinatarias:** a Fundación, como responsable do tratamento dos seus datos persoais, non lles cederá os seus datos a terceiros, salvo que exista obriga legal, nin aos medios de comunicación. Non obstante, poderán ser destinatarios os provedores dalgún servizo, pero iso farase sempre con contratos e garantías suxeitos aos modelos aprobados polas autoridades en materia de protección de datos.

**Dereitos:** a normativa de protección de datos confírelle os seguintes dereitos en relación co tratamento dos seus datos:

1. Dereito de acceso: coñecer que tipo de datos estamos a tratar e as características do tratamento que estamos a levar a cabo.
2. Dereito de rectificación: solicitar que se modifiquen os seus datos por ser estes inexactos, non veraces ou desactualizados.
3. Dereito de portabilidade: para a obter unha copia cun formato interoperable dos datos que están a ser tratados.
4. Dereito á limitación do tratamento nos casos recollidos na lei, o que supón que unicamente se conservarán os seus datos para o exercicio ou a defensa de reclamacións e para a atención a requirimentos xudiciais ou a esixencias legais.
5. Dereito de oposición: solicitar o cesamento no envío de comunicacións comerciais nos termos antes sinalados.



6. Dereito a opoñerse á toma de decisións automatizadas.
7. Dereito de supresión: solicitar a supresión dos seus datos cando o tratamento xa non resulte necesario.
8. Dereito a revogar o consentimento prestado.
9. Dereito a interpoñer unha reclamación fronte á autoridade de control (en España a Axencia Española de Protección de Datos).

Para o exercicio de calquera destes dereitos, vostede poderá dirixirse á Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, con domicilio social na rúa Montero Ríos, 24-26. 27002 Lugo, ou no enderezo de correo electrónico [info@fundacioncruralnotario.gal](mailto:info@fundacioncruralnotario.gal) e, en calquera caso, ha de achegar unha copia do seu DNI ou outro documento legalmente identificativo.

**Información adicional:** pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na páxina web [www.caixaruralgalega.gal](http://www.caixaruralgalega.gal), no apartado Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas.

A persoa solicitante declarará ser maior de 18 anos e prestará o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na política de protección de datos. Así mesmo, declarará a exactitude e a veracidade dos datos facilitados e obrígase a comunicarlle por escrito á Fundación calquera variación ou modificación que se produza nos datos achegados. Igualmente, as persoas beneficiarias do programa de bolsas de posgrao da Fundación poderán prestar o seu previo consentimento para que o seu nome e a súa imaxe (dereitos identificativos), así como a denominación do centro de destino, figuren na documentación escrita ou audiovisual dos soportes de difusión da Fundación.

### **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional destas bases e dos requisitos e das obrigas establecidas nestas, así como a declaración responsable da veracidade dos datos facilitados e dos documentos achegados. A Fundación resérvase o dereito de modificar estas bases en calquera momento. A Fundación notificaralles estes cambios ás persoas solicitantes, en caso de producirse, no tempo e forma oportunos, sen que iso poida dar dereito a ningún tipo de reclamación.